

MESA SECTORIAL

11/03/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2025.

Aprobáse a acta da sesión anterior unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DOS DIRECTORES E DIRECTORAS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

A Administración comeza falando dunhas modificacións no Anexo das prazas convocadas.

Na provincia da Coruña hai que eliminar o CEIP Isaac Peral e o CEIP Plurilingüe de Xuño xa que as direccións presentaron solicitude de prórroga. O mesmo ocorre coa EEI de Berduedo na provincia de Pontevedra. Hai que engadir a EEI Fina Casalderrey (tamén na provincia de Pontevedra) á que lle corresponde renovación.

Comezar dicindo que este non é o modelo de elección de dirección que defende ANPE. ANPE considera que a elección da dirección debe emanar dos claustros e dos consellos escolares dos centros educativos.

ANPE Galicia ven de asinar un Acordo que supón unha mellora económica para os cargos directivos pero, aínda así, consideramos que non se ten a valoración suficiente para facer máis atractivos os cargos directivos. Supoñen unha carga de traballo inxente para a recompensa que ten o seu desempeño. Debería abrirse o debate sobre a consolidación do complemento a todos os membros dos equipos directivos.

Consideramos que debería adaptarse, como fai case toda a normativa educativa galega, esta Orde á normativa europea que establece como requisito ter determinada antigüidade como funcionario de carreira. Concretamente no artigo 2.1.a) fala de ser funcionario de carreira e debería dicir funcionario dun corpo docente. Entendemos que hai casos nos que non se pode exercer a dirección por sentenza xudicial (como é o caso do profesorado de relixión aínda que nos casos nos que a está a exercer o está facendo coa mesma profesionalidade que o resto de compañeiros/as)



En relación ao artigo 2e) solicitamos que a documentación acreditativa de ter realizado o curso de dirección poida presentarse no momento en que os aspirantes seleccionados teñan que achegar toda a documentación xa que hai xente que está a facer o curso e non vai a dar chegado a tempo para a convocatoria.

No artigo 4.1 demandamos que se amplíe o prazo a 20 días hábiles.

No artigo 5 solicitamos que a sede e localidade sexa o o propio centro educativo e non quedar a elección da presidencia da comisión. Tamén demandamos que a presidencia da comisión non sexa designada pola Administración senón pola propia comisión.

Desde ANPE facemos a queixa de que non se respecten na Orde os ditames do Consello Escolar de Galicia en relación ás proporcións de participación de cada colectivo na comisión.

No artigo 7.4 demandamos a eliminación da entrevista.

MESA SECTORIAL

11/03/2025

No artigo 8.2 consideramos que non debería establecerse unha nota de corte. A valoración do proxecto de dirección debe ser de “apto” ou “non apto”.

No artigo 8.3 consideramos que se debe favorecer de xeito efectivo a elección de candidatos/as do propio centro educativo.



Demandamos que se incorpore un apartado 8.6 que estableza a publicación das puntuacións e do proceso de selección.

No artigo 11 consideramos que o nomeamento das direccións, no caso de non seleccionar ningún candidato/a, debería ser por un ano en lugar de dous para permitir a presentación futura de posibles candidaturas.

En relación ao Anexo I demandamos que a Orde inclúa a elección de dirección dos CIFP.

En relación ao Anexo II (baremo) consideramos que os apartados 2.1 e 2.4 deberían ter a mesma puntuación. O mesmo ocorre cos apartados 2.2 e 2.5. Debe eliminarse o apartado 2.3. No apartado 6 a valoración debería ser de “apto” ou “non apto”.

Por último, demandamos recoñecemento administrativo e económico para quen substitúa a un membro dun equipo directivo.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

- ANPE demanda contundencia por parte da Administración educativa no caso de acoso sufrido por unha docente no IES As Lagoas de Ourense.

- ANPE demanda, como fixo xa varias veces por escrito, que se recoñeza administrativa e economicamente o cargo de coordinador/a de programas internacionais nos IES como se fai nos CIFP. Fan o mesmo traballo e non é recoñecido, o que supón un agravio comparativo que xurde de que nos IES este cargo non ten unha denominación homoxénea e acorde á normativa que si permite a súa valoración nos CIFP. Nesta mesma liña deben valorarse absolutamente todas as coordinacións, non so administrativamente senón tamén a efectos económicos.



- Denunciar novamente as presións e problemas que sofre o profesorado nomeado pola Consellería de Educación nos CFEA con relación ao seu horario lectivo sufridas por parte dos compañeiros e/ou equipos directivos que dependen doutra Consellería.
- Denunciar de novo o atraso na percepción de trienios e sexenios e tamén a membros de tribunais. Demandamos que se paguen os intereses de demora. **A Administración resposta que os trienios e sexenios pendentes están pagados na nómina de Febreiro e os tribunais pendentes comezarán a pagarse esta semana.**
- Solicitar a negociación na Mesa Sectorial dos distintos ROCs.
- Solicitamos que se axilice a negociación do Plan de Igualdade. **A Administración convocará para o mércores ás 10:30**

MESA SECTORIAL**11/03/2025**

- Solicitamos a reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral e dos comités de saúde das distintas provincias. **A Administración resposta que xa se lle deu traslado ás distintas provincias e que, posteriormente, se convocará o Comité Intercentros.**
- Solicitamos a elaboración de baremos unificados para distintas convocatorias da Administración educativa. **A Administración convocará ás OOSS para o luns 17 ás 10:30.**



- Solicitamos reunión para contrastar as prazas estruturais e as súas características antes da resolución provisional do CXT. **A Administración enviará as vacantes que se incorporan propostas polas inspeccións e nos convocará para unha reunión a semana que vén.**
- Demandamos a actualización da Orde de licenzas e permisos.
- Denunciar a falta de negociación efectiva da Orde de PIALE, que non sufriu ningunha modificación tras o seu paso pola Mesa.